

Guía didáctica  
para secundaria



DESMONTANDO ESTEREOTIPOS:

# **PERSOAS MIGRANTES E REFUXIADAS**

**#DerechosEnMovimiento**



**AMNISTÍA  
INTERNACIONAL**



**OXFAM** Intermón

# INFORMACIÓN PREVIA

Amnistía Internacional e Oxfam Intermón, ante a grave situación de crise humanitaria que están sufrindo moitas persoas migrantes en todo o mundo, impulsamos un traballo educativo e de denuncia dirixido a nenos, nenas, mozos e mozas de centros educativos de todo o Estado español. Esta proposta únese ás que as dúas organizacións realizan habitualmente a través das súas campañas:

AMNISTÍA  
INTERNACIONAL



#YoAcojo

OXFAM Intermón



#BuscandoRefugio

## MATERIAIS E RECURSOS PARA APOIAR O TRABALLO NA AULA SOBRE FENÓMENOS MIGRATORIOS

Con esta guía didáctica, “Desmontando estereotipos: persoas migrantes e refuxiadas”, Amnistía Internacional e Oxfam Intermón ofrecemos unha proposta para profundar no coñecemento e a análise crítica dos fenómenos migratorios no mundo, dirixida a estudantes e estruturada en tres sesións de traballo.

Ademais deste material, ambas as organizacións dispoñemos doutras propostas para abordar esta temática na aula nas distintas etapas. Selecciona os materiais que mellor se adaptan ás vosas necesidades e intereses nas seguintes ligazóns:

AMNISTÍA  
INTERNACIONAL



[redescuelas.es.amnesty.org/  
derechos-en-movimiento/](https://redescuelas.es.amnesty.org/derechos-en-movimiento/)

OXFAM Intermón

[oxfamintermon.org/es/educacion/  
derechosenmovimiento](https://oxfamintermon.org/es/educacion/derechosenmovimiento)

# OBXECTIVOS

## da guía didáctica

1

Comprender a realidade das persoas en movemento e as causas que orixinan os procesos migratorios

2

Reducir os estereotipos negativos que poidan existir sobre as persoas en movemento

3

Comprender as vulneracións de dereitos humanos que sofren as persoas en movemento nos procesos migratorios.

4

Fomentar a acción contra as inxustizas que sofren as persoas en movemento

## CONTIDO

— p.4 —

### ESTEREOTIPO #01

As persoas en movemento están en todo o planeta, non só en Europa!

— p.8 —

### ESTEREOTIPO #02

As persoas en movemento non só son vítimas.  
Mudan as nosas vidas e mellóranas.

— p.13 —

### ESTEREOTIPO #03

A inmigración non é un problema.



## ESTEREOTIPO #01

# AS PERSOAS EN MOVEMENTO ESTÁN EN TODO O PLANETA, NON SÓ EN EUROPA!

Si, non só hai persoas refuxiadas en Europa. A situación de Oriente Próximo e África subsahariana supuxo o maior desprazamento forzado de persoas nos últimos tempos debido á inestabilidade en Iraq, o conflito de Palestina e, sobre todo, o estalido da guerra en Siria en 2011. A cifra de persoas en busca de protección incrementouse significativamente, e só as persoas desprazadas procedentes de Siria chegaron aos 11,7 millóns en 2015.

Siria representa a maior crise de refuxiados do mundo, mais non é a única. Existen outras grandes poboacións que tiveron que se desprazar dentro ou fóra do seu país de orixe, como as de Myanmar, Eritrea, República do Congo, Iraq, Nixeria, Sudán ou República Centroafricana.

En América Central produciuse un aumento da violencia en países como O Salvador, Guatemala e Honduras, e, como consecuencia, milleiros de mulleres, homes, nenas e nenos abandonaron os seus fogares en 2015, co que se incrementou o número de persoas solicitantes de asilo e refuxio: de 8.052 en 2010 pasaron a 109.800 en 2015, o que supón un aumento do 597 %.

Os países en vías de desenvolvemento ou países pobres acollen de maneira desproporcionada 13,9 millóns de persoas refuxiadas no mundo, o que supón o 86 % do total, fronte aos 2,2 millóns que albergan os países de rexións máis desenvolvidas. Só tres países, Turquía, Xordania e Líbano, acollen o 95 % das persoas que foxen de Siria. Estes países carecen dos recursos económicos, as infraestruturas e a estabilidade necesarios para lles ofrecer a atención que precisan.

## SESIÓN SOBRE ESTEREOTIPO 1: ONDE ESTÁN AS PERSOAS REFUXIADAS DO MUNDO

Acerca da actividade:

A actividade consta de dúas partes:

1. Situación actual: o alumnado sensibilízase sobre a distribución non equitativa das persoas refuxiadas no mundo para que comprendan a necesidade de compartir máis responsabilidades.
2. Posibles solucións: axúdaselle ao alumnado a explorar posibles solucións para compartir a responsabilidade. Vincúlase coa campaña e a proposta de Amnistía Internacional.



**Tempo necesario:** 50 minutos



### Preparación e recursos

- Globos repartidos en cinco bolsas, como se indica máis abaixo [pódese modificar o número de globos segundo o tamaño do grupo]. É importante que terminar a tarefa esixa certo esforzo, xa que a situación das persoas refuxiadas non é sinxela e supón un reto. A proporción pode establecerse do seguinte xeito: opción 1, cada globo equivale a 50.000 persoas refuxiadas; opción 2, a 75.000; e opción 3, a 100.000. Para grupos de 30 participantes recoméndase a opción 3.

Grupo	Opción 1	Opción 2	Opción 3
1. América	15	10	7
2. África	88	59	44
3. MENA*, incluída Turquía	104	70	52
4. Europa, excluída Turquía	38	25	19
5. Asia e Oceanía	77	51	38

\* Oriente Próximo e Norte de África

- Unha diapositiva ou papelógrafo onde se indique a localización das persoas refuxiadas no mundo.
- Cinco folios, co número de cada grupo [1-5].
- Dependendo do número de alumnos, deberás dispor de suficiente espazo.



### Suxestións de facilitación:

1. É importante non dicir o que representan os globos nin revelar a rexión en que están ata completar a primeira parte do exercicio.
2. É esencial que o número de integrantes por grupo garde unha relación aproximada coa cantidade de recursos con que conta esa rexión concreta para se enfrontar á situación. Deste xeito, os grupos das rexións que teñen máis recursos deben ter máis participantes, e viceversa. Isto é fundamental para axudar a xente a entender que a maioría das persoas refuxiadas desprazadas viven en rexións que dispoñen de recursos relativamente escasos, mentres que nas rexións que dispoñen de abundantes recursos, como Europa, viven de feito moi poucas persoas refuxiadas.  
  
Por exemplo, de cada 30 participantes, 11 estarían no grupo 1 [América]; 3 no grupo 2 [África]; 2 no grupo 3 [MENA]; 11 no grupo 4 [Europa], e 3 no grupo 5 [Asia e Oceanía].
3. Para contrastar a reflexión do grupo sobre as posibles solucións e coñecer as mensaxes de Amnistía Internacional, podes apoiarte na información facilitada neste material sobre a campaña Eu Acollo.

## PARTE 1: A SITUACIÓN ACTUAL

### Paso 1

#### Actividade con globos (10 minutos)

Se estades nun espazo aberto, podes dividilo en rexións do mundo [como se fose un mapa], situando o folio numerado no chan de cada rexión: grupo 1, América; grupo 2, África; grupo 3, MENA [Oriente Próximo e Norte de África]; grupo 4, Europa; grupo 5, Asia e Oceanía.

1. Divide os alumnos en cinco grupos e numéraos; poden quedar de pé ou sentados. Os grupos representan estas cinco rexións do mundo. O número de participantes que hai en cada grupo reflectirá a proporción aproximada dos recursos que ten cada rexión. Nos grupos de Europa e América do Norte debe haber a maior cantidade de persoas, xa que nestas dúas rexións hai máis recursos que noutras. **Importante:** no apartado “Suxestións de facilitación” hai un exemplo sobre como dividir os grupos.
2. Segundo o número de participantes, podes asignar tamén un par de “observadores” para que se movan entre os grupos durante a actividade e observen o que sucede. Tamén podes pedirilles que se aseguren de que ninguén se vai do seu grupo.
3. Reparte as bolsas de globos entre os grupos segundo o número asignado e explica que cada grupo debe inflar todos os globos que hai na súa bolsa e ao mesmo tempo ocuparse deles. Dilles que teñen 5 minutos para inflar todos os globos. Cando terminen, poden permanecer onde están ata que se acabe o tempo.

---

## Paso 2

### Intercambio de ideas e reflexión (20 minutos)

1. Tras a actividade, pide que permanezan onde están e que reflexionen co seu grupo sobre as seguintes preguntas (5 minutos):
  - Que é o que observaron?
  - Que lles pareceu este exercicio?
2. Pide a catro ou cinco que compartan as súas reflexións. Trata de escoller persoas de diferentes grupos e observadores se os inclúches (5 minutos).
3. Pide aos grupos que reflexionen sobre a seguinte cuestión (5 minutos):
  - Que cren que ten isto que ver coa situación das persoas refuxiadas no mundo?
4. Despois pídelles que compartan as súas ideas con todos. Escribe as ideas principais nun papelógrafo ou no encerado (5 minutos).

## PARTE 2: QUE FARÍAS?

---

## Paso 3

### Actividade con globos (5 minutos)

Informa os grupos de que teñen que seguir inflando o resto dos globos. Agora xa saben que os globos representan persoas refuxiadas e deben seguir cuidando os que xa están inflados. Teñen 5 minutos e poden decidir como facelo. Deixa que o decidan eles. Os observadores seguirán observando.

---

## Paso 4

### Intercambio de ideas e reflexión (15 minutos)

1. Tras a actividade, pide que permanezan onde están e que reflexionen co seu grupo sobre as seguintes preguntas (5 minutos):
  - Que ocorreu? Que fixeron?
  - Como se sentiron?
  - Conseguiron inflar todos os globos?
2. Escribe no papelógrafo ou no encerado as distintas solucións que adoptaron os grupos.
3. Para terminar, relaciona estas solucións coas que propón Amnistía Internacional coa campaña Eu Acollo. Utiliza a información e os recursos que se facilitan na documentación para prepararte e contar coa información básica para levar a cabo a actividade. Podes convidar as persoas que o desexen a participar na campaña e actuar.



## ESTEREOTIPO #02

# AS PERSOAS EN MOVEMENTO NON SÓ SON VÍTIMAS. MUDAN AS NOSAS VIDAS E MELLÓRANAS.

“Os migrantes non son unha ameaza, son una oportunidade; veñen con valores, veñen con moitas cousas fermosas... Os pobres son a reserva espiritual do mundo.”

*Padre Alejandro Guerra Solalinde, Oaxaca, 2010*

Cada día, moitas persoas toman a decisión de deixar as súas casas, comunidades, fogares ou países, e, aínda que este feito hoxe sexa máis visible ca nunca debido ao gran número de persoas desprazadas no mundo, leva moitos anos ocorrendo.

Todas as persoas teñen dereito a moverse libremente, así como a saír de calquera país, tal e como recolle o artigo 13 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Quen toma a decisión de saír do seu lugar de orixe, perseguido ou non, deixa atrás proxectos de vida e familiares, mais trae consigo os seus costumes e os seus coñecementos, experiencias profesionais e persoais que poden achegar ao lugar ao que se desprazan. Existe unha tendencia social a ollar estas persoas como vítimas ás que hai que salvar de situacións insufribles, que á súa vez difunden e promoven algúns medios de comunicación e gobernos.



Lonxe desta idea están persoas como Ghias Aljundi, sirio que fuxiu ao Reino Unido hai 18 anos.

*Ninguén quería marchar de Siria. Somos de Tartus, unha preciosa cidade da costa mediterránea. Mais estiven catro anos en prisión e torturáronme polo meu traballo como xornalista e polos dereitos humanos, así que fuxín ao Reino Unido en 1999". Axuda como voluntario as persoas refuxiadas que chegan de Grecia desde hai un ano. "Cando se lles dá a benvinda, senten esperanza; necesitan iso máis que calquera outra cousa. Necesitan sentirse integrados, sentir que non molestan a xente. Iso devolve ás persoas a súa humanidade e dignidade.*

O papel que teñen as persoas en movemento nas sociedades de destino, a través da súa contribución social, económica e cultural, é fundamental para os países receptores. Contribúen ao desenvolvemento económico destes países, así como á construción do estado de benestar, á incorporación da muller ao mundo laboral e ao mantemento das poboacións. A Organización Internacional para as Migracións (OIM), no seu informe sobre as migracións no mundo do ano 2015, sinala a existencia de investigacións que demostran que a migración pode ter un efecto transformador e axudar a reducir a pobreza cando as persoas seguen estratexias de subsistencia baseadas no mantemento de vínculos con múltiples lugares e patróns de mobilidade circular. Os Estados adoitan pasar por alto as achegas que realizan estas persoas, a pesar de que desde organismos internacionais como as Nacións Unidas se destaque a necesidade de ocuparen un lugar central nas axendas de migración e desenvolvemento, nacionais e mundiais.

## **SESIÓN SOBRE O ESTEREOTIPO 2: "DESCUBRINDO VIDAS" (TRABALLO DE INVESTIGACIÓN)**

### **Acerca da actividade:**

A través desta actividade, baseada no traballo de investigación que realice o alumnado de maneira grupal, abordaranse na aula aspectos relacionados cos estereotipos e os prexuízos que existen na sociedade acerca da migración e a actualidade en materia de refuxiados.



**Tempo necesario:**  
2 sesións de 45-60 minutos.



## Preparación e recursos

- Esta actividade parte do traballo previo de investigación que deben realizar os alumnos [divididos en grupos de catro ou cinco] sobre a migración no seu barrio ou centro educativo. Exporanse os traballos de todos os grupos. O obxectivo consiste en elaborar a historia de vida dunha persoa migrante [de primeira ou segunda xeración], comunicando despois o traballo e debatendo acerca de se mudou a nosa percepción das persoas migrantes e refuxiadas [estereotipos e prexuízos].

### Suxestións de facilitación:

O método de investigación máis sinxelo e atractivo para o alumnado é a entrevista. Existen dúas posibilidades para a realización deste taller:

1. Poden entrevistar persoas do centro educativo, do barrio, familiares etc.
2. Se o centro o solicita, Amnistía Internacional pode facilitar o contacto con entidades para que a sesión sexa impartida por algunha persoa en situación de migración ou refuxiada e que conte a súa propia historia de vida.

Ten en conta que para esta actividade farán falta dúas sesións: unha para preparar a investigación co grupo [que pode acurtarse ou ampliarse en varias sesións], e outra onde os grupos expoñan o traballo. Esta actividade pódese adaptar no referente a tempos e no referente ao formato de presentación do traballo de investigación.

## PARTE 1: PREPARACIÓN DA INVESTIGACIÓN

### Paso 1

#### Presentación (5 minutos)

Divide a clase en grupos de catro ou cinco persoas. Comenta brevemente o tempo que terán para realizar a investigación [unha semana ou dúas] e cando exporán o seu traballo na aula.

### Paso 2

#### Preparádonos (25 minutos)

1. Facilita a cada grupo unha ficha de CUESTIÓNS PREVIAS Á INVESTIGACIÓN.
2. Explica que na sesión de hoxe terán que elaborar un cuestionario/guión que lles sirva para a entrevista.
3. Informa de cando terán que expor o seu traballo.

---

## Paso 3

### Aprendendo doutros grupos (15 minutos)

1. Dedicar o final da sesión a que cada grupo comunique o que fixo. Algunhas preguntas dun grupo poden ser de utilidade para outro.
2. Facilita a cada grupo unha ficha de PREGUNTAS QUE NON PODEDES ESQUECER.

## PARTE 2: COMPARTINDO AS INVESTIGACIÓNS

---

## Paso 4

### Compartindo o aprendido (50 minutos)

1. Selecciona un día ou varios para que cada grupo expoña o seu traballo.
2. Determina a orde en que os grupos realizarán a súa exposición.
3. Aclara que non hai un formato concreto para a exposición, e pode ser tanto un PowerPoint como un vídeo editado que recolla o máis relevante da entrevista, un cómic ou un mural.

## RECURSOS ADICIONAIS

### Cuestións previas á investigación:

Este traballo de investigación pretende coñecer a historia de persoas que tomaron a decisión de se desprazar do seu país de orixe. Por este motivo, as ferramentas principais son a escoita e a observación.

### Antes de comezar é necesario:

- Buscar unha persoa representativa á que se poida entrevistar.
- Indagar nas condicións básicas da súa vida: saúde, cultura, ambiente social.
- Ter en conta cuestións sobre a súa cultura e o seu país de orixe, buscar información sobre o país e as condicións de vida alí.
- Distribuír as tarefas: quen busca información xeral, quen se pon en contacto coa persoa que se vai entrevistar, quen fará as preguntas etc.

### Á hora da entrevista:

- É importante procurar un lugar cómodo e seguro para a persoa entrevistada.
- Pedir permiso para gravar a entrevista e así non perder ningún detalle nin deformar parte da súa historia. Ademais, esta gravación pode servir para facer un vídeo para a exposición.

### Preguntas que non podees esquecer:

- Cal é o seu país de procedencia?
- Que motivos a levaron a abandonar o seu país?
- Había algún dereito que estaba a ser vulnerado onde vivía? Cal ou cales?
- Canto tempo hai que chegou?
- Custoulle moito tomar a decisión?
- Cal foi a súa historia desde que deixou a súa terra e a súa familia?
- Que dificultades e que facilidades encontrou aquí?



## ESTEREOTIPO #03

# A INMIGRACIÓN NON É UN PROBLEMA

No debate público arredor das persoas en movemento, as voces negativas adoitan ser as que prevalecen, aínda que non sempre sexan as maioritarias. Os gobernos deben, en función dos compromisos adquiridos en relación cos dereitos humanos, protexer e velar para que as persoas migrantes, refuxiadas e que foxen dos seus lugares de orixe non vexan vulnerados os seus dereitos fundamentais.

Algúns gobernos teñen xerado unha visión negativa das persoas que acoden en busca de axuda, ao vincularlas coa delincuencia e a xeración de conflitos, sementando o medo e tomando medidas restritivas para o acceso e a acollida de persoas necesitadas de protección internacional. Argumentan que non dispoñen de recursos para compartir a responsabilidade, mentres que uns poucos países, con menos recursos, acollen millóns de persoas refuxiadas. Os discursos do medo baséanse en argumentos como que as comunidades e as escolas se verán desbordadas, e que os servizos á cidadanía se colapsarán. As situacións de crise non poden servir aos Estados para evadiren as súas responsabilidades e obrigas en materia de dereitos humanos, mais, no entanto, a crise mundial de refuxiados serviulles para consolidaren respostas baseadas na seguridade e a unilateralidade, en lugar de actuaren de catalizadores para unha resposta colectiva baseada nos dereitos humanos.

Hai Estados que seguen a dar prioridade a políticas de disuasión e a medidas destinadas a bloquear a chegada de refuxiados e solicitantes de asilo, ao mesmo tempo que fan recaer a responsabilidade da protección nos países situados na rexión de desprazamento inmediata ou na súa periferia. Isto podería provocar, entre outras cousas, un aumento do racismo e a xenofobia cara a estas persoas.



Amnistía Internacional encargou a GlobeScan, consultoría de investigación, unha enquisa a 27.000 persoas de distinta situación económica e cultural. Realizouse nun total de 27 países, segundo o “Índice de Benvida aos Refuxiados”, para coñecer con que grao de proximidade aceptarían as persoas refuxiadas (casa, barrio, localidade, país) ou se rexeitarían a súa entrada. Os resultados mostran que existe un grao de apoio moi alto en todo o mundo:

- Un 80 % acolleríaas no seu país.
- Deses, un 40 % acolleríaas na súa casa ou no seu barrio.
- Só o 17 % prohibiría a entrada no seu país (fronte ao 80 % que recibiría persoas refuxiadas cos brazos abertos).

En todo o mundo, dúas de cada tres persoas (66 %) opinan que os seus gobernos deben facer máis para axudar as persoas refuxiadas. Pénsao así o 84 % da poboación xordana, o 76 % da alemá e o 74 % da grega. En Kenya, país que acolle case 600.000 persoas refuxiadas (entre elas, 413.000 procedentes de Somalia), o 65 % da poboación comparte esta opinión.

Dos 27 países da enquisa, só 9 se comprometeron a acoller parte dos 4,8 millóns de persoas refuxiadas procedentes de Siria, mais entre todos non superaron a cifra de 174.000 persoas.

O estudo demostra que a poboación está disposta a dar a benvida aos refuxiados e que o discurso político en contra destes non se corresponde co groso da opinión pública.

---

### SESIÓN ESTEREOTIPO 3: PONDO ETIQUETAS

#### Acerca da actividade:

Esta actividade pretende facer reflexionar sobre as ideas que teñen acerca das persoas refuxiadas.

A actividade realízase en tres pasos. O primeiro é unha dinámica en que poñen unhas etiquetas –que previamente escribiron en función das preguntas propostas– nunha silueta que simboliza unha persoa que vén doutro país. No segundo paso, repártense unhas fichas con historias de persoas en movemento, que despois se contrastan. O terceiro paso é unha reflexión final acerca da actividade.



**Tempo necesario:**  
45-60 minutos



## Preparación e recursos

- Papel continuo.
- Rotuladores/lapis de cores.
- Cinta adhesiva.
- Recursos adicionais: poema de Rubimbo Bungwe.
- Recursos adicionais: tarxetas de casos.

### Suxestións de facilitación:

É posible que á hora de realizar as siluetas (paso 1) o alumnado tenda a debuxar siluetas masculinas. Para ter en conta o enfoque de xénero na aula propóñense dúas opcións:

1. Pide que uns grupos debuxen siluetas femininas, e outros, masculinas.
2. Se non se fai esta indicación e todas as siluetas son masculinas, incorpora no intercambio de ideas algunha pregunta sobre esta cuestión: “Por que credes que todas as siluetas son masculinas?”, e facer que reflexionen sobre iso.

## Paso 1

### Sacar á luz os prexuízos e os estereotipos do grupo (15 minutos)

Divide a clase en grupos de entre catro e sete persoas e dálle a cada grupo un papelógrafo de 1,5 metros, rotuladores e folios recortados (polo menos oito “etiquetas”).

Pide aos grupos que debuxen unha silueta dunha persoa no papelógrafo:

- Deberán escribir na parte superior do papelógrafo: “Persoa en movemento”
- Deberán escribir nas etiquetas características/adxectivos que consideren que teñen estas persoas e ir pegándoas arredor da silueta.

## Paso 2

### **Non me gustan as miñas etiquetas! (10 minutos) e Coñecendo historias reais (15 minutos)**

Traballárase sobre casos reais ou inventados de persoas que foron ou son axentes activos de cambio no seu país, no seu lugar de acollida etc., de maneira que a súa visión inicial quedará modificada.

Entrega a cada grupo unha copia do POEMA DE RUBIMBO BUNGWE e pídelles que dediquen 10 minutos a comentalo:

- Deberán riscar o encabezamento do papelógrafo e pór nome á persoa en movemento que debuxaron.

Entrega a cada grupo unha TARXETA DE CASOS coa historia dunha persoa en movemento e dilles que dispoñen de 15 minutos:

- Deberán comentar as características que ten a persoa da tarxeta, ademais de indicar o que lles suxeriu a historia que lles tocou ler, o que poden facer na súa comunidade para dar mellor acollida ás persoas refuxiadas, o que cren que poden achegar estas persoas á sociedade en que se integran e se mudou algo do que pensaban acerca das persoas en movemento
- Deberán reler as etiquetas que pegaron na silueta e dicir se mudou algo o que pensaban previamente sobre estas persoas. Nese caso, poden darlle a volta á etiqueta e escribir no dorso a nova característica que antes non tiveron en conta.

## Paso 3

### **Intercambio de ideas (10 minutos)**

Realiza un intercambio de ideas sobre o paso 2, pedindo aos grupos que expliquen o cambio de etiquetas e como se sentiron durante a sesión. Pregunta o que lles pareceu a actividade e se coñecen algún caso na súa comunidade. Realiza unha pequena reflexión final de todo aquilo no que se traballou.

**Poema de Rubimbo Bungwe**




*“Refuxiado”, por Rubimbo Bungwe, 14 anos  
Cimbabue, 2002*

E entón tiña un novo nome, refuxiado.  
Estraño que un nome me afaste de min mesmo,  
o meu pasado, a miña personalidade e a miña esperanza.  
Estraño este refuxiado.  
Moito parece compartir este nome, refuxiado.  
Aínda compartimos moitas diferenzas.  
  
Non estou ben co meu novo nome.  
Desexo compartir o meu pasado, recuperar/recobrar o meu  
amor [propio]/orgullo  
para mostralo. Eu tamén, co tempo, ofrecerei máis  
que aquilo que tome prestado.  
Polo de agora, o consolo que busco  
reside no vello, aínda novo nome  
que escollín, amigo.


**Tarxetas de casos [páxinas 18 e 19]**

As historias de persoas en movemento que aparecen nesta actividade son ficticias, aínda que Amnistía Internacional investigou sobre casos similares nalgúns destes países.



### Historia 1: ALIAH

Aliah é unha violinista israelí de 21 anos que naceu en Xerusalén nunha familia cristiá. Os seus pais tiñan unha tenda de produtos ecolóxicos ata hai tres anos, cando tiveron que a pechar. Dispuñan duns aforros e decidiron irse a vivir á Arxentina. Uns familiares dos seus pais emigraran alí e comentáranlles que tiveran moi boa acollida. En Israel, o 4 % da poboación é cristiá, e os seus pais querían vivir nunha sociedade onde o cristianismo fose a relixión maioritaria. Aliah estudou música desde os 12 ata os 18 anos no conservatorio da súa cidade. Aos 19 anos foi contratada pola Orquestra Filharmónica de Xerusalén para realizar algunhas suplencias, e aos 20 anos obtivo a súa praza de violinista. Educouse nun instituto público con persoas de diferentes culturas e relixións. Os seus pais contaron coa axuda que as autoridades e asociacións locais proporcionan ás persoas refuxiadas. Ao principio foi duro, mais aos poucos a súa situación foi mellorando. Aliah migrou cos seus pais a Bos Aires e ao cabo dun ano independizouse e marchou a vivir a Quito, onde foi contratada pola orquestra filharmónica de alí. Este ano apuntouse a unha asociación educativa onde colabora dando charlas sobre tolerancia, historia das relixións e diversidade cultural.



### Historia 2: VÍCTOR

Víctor é un profesor de Educación Física de 25 anos. En 2010 traballaba en México, na cidade de Jalisco, cando se produciu un cambio de goberno que trouxo consigo un nivel moi elevado de corrupción e foi despedido do seu traballo. Nacido no seo dunha familia humilde, a Víctor no lle daba medo ter que emigrar para cambiar de vida. A súa vida en Jalisco comezou a ser insostible, e decidiu saír de alí coa esperanza de comezar unha vida lonxe da pobreza. Cando a súa situación empeorou, decidiu irse a Boston. A súa irmá fora refuxiada e estivera vivindo alí había anos. Ao chegar a Boston buscou axuda nunha asociación de persoas latinas, na que coñeceu xente que abandonara o seu país por diferentes motivos. Custoulle algún tempo adaptarse, aínda que lle gustou moito falar con persoas que viviran o mesmo ca el. Así mesmo, tardou un tempo en encontrar traballo, malia que finalmente se adaptou sen problemas, porque é unha persoa tenaz e positiva. Actualmente colabora nunha asociación que axuda mozos e mozas a crearen asociacións educativas.





### Historia 3: ANDREA E MARCUS

Andrea e Marcus vivían en Freetown, Serra Leoa. Andrea traballaba como xefa de recursos humanos nunha empresa de arquitectura nas aforas da cidade. E Marcus estudou Odontoloxía na universidade da súa cidade, e obtivo boas cualificacións. Licenciouse en 2005, e en 2006 montou a súa propia consulta con outros compañeiros de profesión. Están casados e teñen unha nena de tres anos, Marta. Ata 2014, nunca pensaron que tamén eles terían que marchar da súa casa. Un día despediron a Andrea e Marcus viuse obrigado a pechar o seu negocio. Por sorte, faláronlles a cuns amigos que lles suxeriron emigrar, e tras falalo decidiron irse a Myanmar. Pagaron para obter unha pasaxe, mais foron enganados, e non sabían se lograrían sobrevivir nin o que sería deles. Cando chegaron a Myanmar, viviron en primeira persoa o drama dos refuxiados. Tiveron sorte ao recibir a axuda dalgúns persoas que lles fixeron máis doado todo aquilo. Ao cabo dun ano, Marta comezou a ir á escola e agora séntese moi integrada na súa nova cidade. Andrea e Marcus decidiron apuntarse a unha asociación en Myanmar onde axudan a persoas maiores.



### Historia 4: DRAZAN

Drazan, de Tailandia, ten 29 anos e estudou Ciencias Políticas. Era membro do segundo partido político máis importante da súa cidade e colaboraba activamente en asociacións políticas da súa comunidade. Como moitas persoas, decidiu loitar contra a exclusión social e a marxinalidade que estaba a vivir e marchou a Alemaña. Lembra a falta de solidariedade que se vive na sociedade, e ao mesmo tempo a sorte que tivo de ter unha boa acollida, xa que coñece outras persoas que non puideron progresar por non recibiren un apoio adecuado. Foi refuxiado durante case un ano, ata que encontrou traballo nunha fábrica téxtil. Cando conseguiu algúns aforros, matriculouse nun mestrado da universidade e fíxose membro dunha organización política local. Comezou a participar na vida pública da súa comunidade ata hai dous anos, cando foi elixido asesor do equipo de goberno do partido da oposición na súa cidade.

DESMONTANDO ESTEREOTIPOS:

**PERSOAS  
MIGRANTES E  
REFUXIADAS**

**#DerechosEnMovimiento**

**Autoría:** Amnistía Internacional e Oxfam Intermón

**Deseño e edición:** Estudi Lluís Torres

**Corrección lingüística:** Susana Díaz

**Tradución:** Henrique Torreiro

**AMNISTÍA  
INTERNACIONAL**



**OXFAM** Intermón